



## **Normas de obrigado cumprimento para as probas extraordinarias de setembro 2020**

- Á entrada e saída do centro, será obrigatorio para todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) realizar a hixiene de mans empregando a solución hidroalcohólica colocada na entrada.
- É obrigatorio usar máscara de protección en todo momento.
- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros coas demais persoas.
- O alumnado acudirá ao centro xusto na hora que lle corresponde realizar o exame. En caso de ter varios exames e ter que esperar estará nunha aula habilitada con profesorado de garda.
- O alumnado levará todo o material necesario para o exame.
- Non se pode compartir material de uso propio cos compañeiros/as.
- O alumnado será recibido polo profesorado na entrada do Edificio 1.
- O acceso á aula realizarase circulando sempre pola dereita e mantendo a distancia de seguridade de 1.5m.
- En cada aula habilitarase:
  - Un dispensador de solución hidroalcohólica que se deberá usar cada vez que se acceda.
  - Papel desbotable e solución desinfectante para proceder á limpeza dos postos de traballo se fose necesario.
  - Papeleira de pedal con tapa para todos aqueles materiais empregados na limpeza, hixiene e/ou desinfección (papeis, panos, máscaras...).
- Unha vez dentro da aula, o alumnado:
  - Deberá facer uso da máscara en todo momento
  - Con carácter xeral, debe permanecer no mesmo sitio durante todo o exame.
- Unha vez rematado o exame o alumnado debe abandonar o centro, non podendo quedar polos corredores, patios, etc.
- O uso adicional de viseiras protectoras non é obrigatorio aínda que non se prohibe para as persoas que voluntariamente as usen.
- Considerase pouco recomendable, pola falsa seguridade que pode transmitir, o uso de luvas.

Burela, 30 de agosto de 2020